

Proxecto Bibliofozar **(2021-2022)**

a)	Descrición pormenorizada	páx 2 - 3
b)	Desenvolvemento e resultados	páx 4 - 5
c)	Criterios e procedementos de avaliación	páx 6
d - e)	Posibilidades de mellora do proxecto - méritos alegados	páx 6 - 8
f)	Ligazóns á documentación de interese	páx 8 - 11

Proxecto Bibliofozar (2021-2022)

a) Descrición pormenorizada

A biblioteca municipal “Luis Seoane” de Soutomaior dende o mes de marzo de 2021 desenrola un servizo de extensión bibliotecaria, que trata de tratar de achegar iniciativas que promocionen a lectura, eliminando barreiras físicas e xeográficas, un proxecto de achegamento da cultura a todas as persoas censadas no Concello de Soutomaior, permitindo levar e recoller material bibliográfico (libros, revistas, audiovisuais) aos domicilios dos que o soliciten previamente na Biblioteca Municipal. O proxecto non só quere ofrecer un servizo de reparto, senón tamén, de apoio e acompañamento á xente que o precise para evitar o illamento e a soidade.

Este servizo está aberto a todas as persoas socias da biblioteca que o soliciten e vivan no termo municipal de Soutomaior para poder eliminar unha clara barreira xeográfica que temos en relación aos veciños dos barrios máis alonxados, que só contan con coche particular ou familiares que lles poidan achegar á biblioteca, pois no concello non se conta cun servizo de autobuses local.

O novo servizo comenzo a funcionar no mes de abril de 2021 porque no mes de marzo foi todo adicación a dar voz ao proxecto, presentación en todos os barrios do concello.

A escolla do nome do servizo, viría determinada por outro servizo de extensión bibliotecaria que ofrecemos todos os veráns denominado como: Biblioverán. Parecíanos de importancia que o nome debería de levar a palabra Biblio para seguiren asociandoo coma un produto de extensión da biblioteca.

Asemade que xa todo o mundo recoñece o Biblioverán, onde achegamos unha selección de libros da biblioteca á caseta de turismo localizada xunto á praia para que os usuarios poidan levar en préstamo. O termo fogar ten unha acepción moi agarimosa, coma de recollemento e agarimo, e esa é a idea que queremos achegar.

Entre os obxectivos perseguidos con este proxecto están:

- Dar a coñecer a entidade da biblioteca como un servizo público que está ao dispor de todos os veciños do municipio.
- Ofrecer un servizo de préstamo e lectura a domicilio para todas aquelas persoas que o necesiten.
- Fomentar a lectura.
- Liñas de comunicación e acompañamento para evitar o illamento, a soidade sobre todo en persoas de terceira idade e naquelas que quedan á marxe da sociedade, por exemplo: parados de longa duración, poboación inmigrante magrebí.
- Colaborar cos dous centros de día que hai na localidade.
- Traballar coas diferentes asociacións e centros culturais de cada barrio.
- Ofrecer máis actividades relacionadas coa lectura, como consecuencia dun incremento poboacional derivado do éxodo das cidades máis próximas (Pontevedra e Vigo) cara ao rural como consecuencia da pandemia.

<https://www.diariodepontevedra.es/articulo/pontevedra/virus-tambien-eleva-padron-soutomaior-7599-vecinos/202011121141541112385.html> (Nova no Diario de Pontevedra del 11-11-2020) (Consulta feita: 7/06/2022)

<https://www.vigoe.es/coronavirus/la-pandemia-impulsa-el-crecimiento-de-poblacion-en-soutomaior-hasta-su-maximo-historico/> (Consulta feita: 7/06/2022)

Este servizo de extensión bibliotecaria “Bibliofoogar” é gratuito e dirixido ás persoas socias da Biblioteca Municipal de Soutomaior, ou a calquera outra persoa socia da Red de Bibliotecas de Galicia que resida no término municipal de Soutomaior.

A diferenza do servizo que prestamos na biblioteca que é de 5 libros, 2 audiovisuais e 2 revistas por socio durante 21 días renovables.

O préstamo máximo para este servizo a domicilio é de: 3 libros, 2 audiovisuais e 1 revista por socio durante 21 días, non renovables.

As solicitudes por parte das persoas usuarias interesadas recollense na Biblioteca Municipal por diferentes vías: Por teléfono: 986700291. Por correo electrónico: biblioteca@soutomaior.com. Mediante inscrición en liña:

<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/programas-municipais/biblio-fogar>

Crease un apartado específico do programa Bibliofoogar na web municipal co fin de explicar e difundir o servizo entre a poboación da localidade. Nesa mesma web dase acceso ao catálogo da biblioteca.

Ao mesmo tempo, retomase un apartado xa creado tempo atrás, na web municipal chamado: *Os libros da biblioteca*, onde amosanse as últimas adquisicións bibliográficas recomendadas cunha mínima reseña para que os usuarios poidan guiarse nas súas peticións.

<https://www.gabinetesoutomaior.com/index.php/recursos-cultura/os-libros-da-biblioteca>

b) Desenvolvemento e resultados



Para o reparto contamos cunha furgoneta para o traslado do material, acceso nela a Internet, ordenador, caixas, estantes, material de prevención e desinfección para a COVID-19. O exceso de horas en días de reparto deste servizo Bibliofoogar, compensase con outras propostas de extensión bibliotecaria: (dixitalización, animación á lectura dirixidas á persoas maiores...ou outras que a biblioteca esté desenrolando nese intre).

➤ Ofertamos un carné de entidade, para que os centros de día o asociacións poidan solicitar á Bibliofoogar material para aquelas persoas que non poden facelo por se mesmas.

Os dous centros de día de Soutomaior uníronse a este proxecto de Bibliofoogar, e sinalánnos que é unha actividade que acaban de engadir ao seu facer diario, onde ademais notan positivamente os resultados cos seus usuarios. Tanto é así, que unha vez erguidas as restricións solicitaronnos que fagamoslles visitas persoais e de animación á lectura.





No ano 2022, engadimos ao servizo un dos maiores centros culturais de barrio que hai no concello: O centro cultural Val-Sobral, que xa de forma continua acudimos a eles todos os martes finais de mes pola mañán, onde xa é un costume que se nos acheguen os veciños a recoller e solicitar libros. Aínda que hai máis centros culturais espallados polo Concello, éste que é o máis alonxado da Biblioteca Municipal, fainos especial ilusión que se acolleran.

Actualmente tres son as entidades que demandan o servizo Bibliofoogar: Centro de día “Soutomaiiores”, Centro de día “Boas Apertas”, Centro Cultural Val-Sobral.

Dende o inicio do servizo ata o día 7/06/2022, estes son os resultados:

Centro de día “Soutomaiiores”: Un total de 200 préstamos.

Centro de día “Boas Apertas”: Un total de 94 préstamos.

Persoas usuarias do Centro cultural Val-Sobral: Un total de 128 préstamos.

Resto da veciñanza que utiliza o servizo: 177 préstamos.





Imaxe de Bibliofoogar no Centro cultural Val-Sobral.

c) Criterios e procedementos de avaliación

Cada petición do servizo rexístrase nun formulario online, dentro da páxina web da biblioteca, ese formulario online, recolle os datos nunha tabla de excel, que permítenos comprobar claramente a demanda do servizo, cada solicitude leva un número currente e máis a súa data de solicitude, e así podemos comparar os resultados no tempo.

O número de préstamos é un indicador real ofrecido pola base de datos Koha.

O aumento de persoas socias é un indicador real ofrecido pola base de datos Koha.

O aumento de demandas informacionais e visitas á biblioteca recollense día a día en estatísticas de uso nunha tabla excel, calculando as medias diarias, semanais e mensuais.

d - e) Posibilidades de mellora do proxecto - méritos alegados

As posibilidades de prolongación e mellora do proxecto como xa comentabamos pasan por poder engadir ao servizo, novos centros culturais que hai nos barrios de Soutomaior, que ao ser unha zona maiormente rural, reúnen a moita veciñanza cada centro cultural. Este proceso de contacto coa veciñanza está a desenrolarse enviando cartas persoais a toda a poboación maior de sesenta anos, explicando o proxecto, engadindo unha solicitude de carné e máis un marcapáxinas explicativo do servizo.

O 23 de decembro de 2021 organizamos un mercadillo solidario para darlle máis visibilidade ao proxecto Bibliofoogar, establecemos a furgoneta de Bibliofoogar nun parque céntrico no que tamén se desenrolaban outras actividades navideñas do Concello, e ofrecemos os libros doados e expurgados da Biblioteca a prezos populares, mentras explicabamos o servizo Bibliofoogar a toda xente que se achegaba, coa compra que realizaban entregabamoslle un ticket con valor por un chocolate quente con churros, que de forma voluntaria agasallaba unha chocolatera para axudarnos no proxecto.

O resultado foi máis que positivo, a resposta da veciñanza moi boa e co recaudado entregamos un cheque a Cáritas do municipio.



Achegamos os libros a túa casa...



...para seguir lendo

BIBLIOTECA MUNICIPAL
Luis Seoane

Rúa Illas Alvedosas, 3, Arcade
36690 SOUTOMAIOR
+34 986 700 291
biblioteca@soutomaior.com



Concello Soutomaior

Como podo solicitar este servizo?

Opcións:

- Solicitándoo presencialmente na Biblioteca Municipal "Luis Seoane" de Soutomaior.
- Enviando un correo-e: biblioteca@soutomaior.com; ou por teléfono no: 986 700 291.
- Cumprimentando o formulario en Inscricións en Liña.



<https://gabinetesoutomaior.com/index.php/programas-municipais/biblio-fogar>

Que é necesario para poder solicitar este servizo?

- Vivir no termo municipal de Soutomaior.
- Ser socio/a da Biblioteca Municipal de Soutomaior ou de calquera Biblioteca da Rede Pública de Bibliotecas de Galicia.

Que material podo solicitar en préstamo?

Ata 3 libros, 2 audiovisuais e 1 revista durante 15 días, por socio/a non renovables.

Onde podo consultar o material a solicitar?

Na web do Concello: servizos municipais: biblioteca- catálogo: <https://catalogo-rbgalicia.xunta.gal/>

Que días se reparten e recollen os libros nos domicilios?

Os repartos serán todos os martes.



<https://www.farodevigo.es/comarcas/2022/01/23/mercadillo-libro-unha-ilusion-soutomaior-61858816.html>



Coma prolongación do servizo Bibliofoogar e colaboración coa Concellería de Educación, Soutomaio, contou coa primeira edición da Feira do Libro no Concello, unha feira moi demandada polas persoas usuarias da biblioteca do municipio.

Houbo unha colaboración moi estreita nesta Feira con dous mestres do IES que presentaban libros: A caca cuca, e máis a Historia do cómic galego e organizando un club de lectura en galego para os nosos maiores,

Foron dúas xornadas coa participación de editoriais galegas e a presenza de escritores e numerosas actividades dirixidas a todas as idades. Bibliofoogar doulle voz a veciñanza que usa os servizo, e a presenza da Biblioteca na Feira foi clave para dar a coñecer o servizo e conseguir novas persoas usuarias.

Estableceuse un pasaporte literario que recollíase e entregábase unha vez completado no stand da Biblioteca, o pasaporte selábase en cada actividade da feira no que se participase, ao final fixése un sorteo entre todos os pasaportes literarios con agasallos de libros, xogos e material de mercadotecnia.

f) Ligazóns á documentación de interese

<https://www.soutomaio.gal/gl/feira-do-libro-soutomaio-2022/>

<https://vigoplan.com/eventos/feira-do-libro-de-soutomaio-2022/>

<https://www.farodevigo.es/comarcas/2022/04/23/soutomaio-estrena-primera-feira-do-65287077.html>

<http://tvsoutomaio.com/2022/2567>

<https://www.radioredondela.com/2022/04/22/arranca-a-i-feira-do-libro-de-soutomaio/>

O “mercadillo solidario” e máis a “1ª Feira do libro” son prolongacións este ano do proxecto Bibliofoogar que grazas a aceptación que está a acoller vemos coma un futuro servizo de extensión bibliotecaria totalmente asentado e interiorizado na nosa biblioteca municipal, que despois de máis dun ano e medio de funcionamento podemos afirmar sen dúbidas que cumpre coas necesidades especiais dun amplo colectivo poboacional, que cada vez é máis maior, achegamos os servizos da biblioteca grazas a colaboración dos centros de día e das

asociacións culturais. Temos o reto de seguir día a día, achegandonos as persoas e poder facer da biblioteca municipal unha ágora sen fronteiras.

FEIRA DO LIBRO

Soutomaior 2022
e moito máis!!

22 – 23 de abril
Alameda Talo Río

HORARIO
Venres 17:00 – 20:00 h
Sábado 10:30 – 14:00 e 17:00 – 20:00 h

Stands e postos de venda

- + Actividades
- Contacontos
- Espazos de xogo e artísticos
- Presentación de libros
- Obradoiros
- Exposición
- Conversando con autores/as
- Sinatura de libros
- Espectáculos

Programación e inscricións





gabinetesoutomaior.com

   | Concello de Soutomaior #FeiraDoLibroSoutomaior

Educación | Cultura

COLABORAN



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA





HORARIO: | Venres 17:00 - 20:00 h | Sábado 10:30 - 14:00 e 17:00 - 20:00 h

Durante toda a Feira

POSTOS expositores e de venda

- > Miudinho Soc. Cooperativa Galega
- > Galaxia
- > Brazolinda
- > O Papagalo
- > Cuarto de inverno
- > Wow Play
- > Polygonestudios
- > Tridelta

PUNTO Biblioteca Municipal

Punto de encontro
Actividades Bibliofogar
Recollida do pasaporte solidario
Asociación Bibliotecar



"Aventúrate na Feira con ROTI"
Percorre a feira e descubre unha morea de sorpresas completando o teu **"PASAPORTE LITERARIO"**.
Pídeo no stand da Biblioteca e cando o remates participa no **SORTEO DE LIBROS E XOGOS!**

Todo o día | Público xeral

Espazo Literatura e videoxogo

"Xogando ó que les"

Un espazo de xogo no que imos aventurarnos no mundo do videoxogo e das súas relacións coa literatura a través dunha selección de xogos para todas as idades.
Polygonestudios

VENRES 22

17:00 h | Público xeral

Acto inaugural

Participan IES Soutomaior
Colexio Santiago Apóstol

17:00 - 20:00 h | Público xeral

Apertura de postos de venda

17:30 - 18:30 h | Público xeral e familiar

Contacantos baseado no libro "Dedas"

Libro-canto didáctico evolutivo (Edit. Salaina)

> Soledad García Riveiro (escritora)

> Laine Villero (ilustradora)

> Natalia Guisande (deseñadora gráfica)

18:30 - 19:00 h | Público adulto

Presentación de libros

Libro: "Bosque do Duque d'Hertogenbosch"

Tema: recuperación da lingua galega a través dun bosque da memoria.

> Francisco Fernández Davila (autor) Edit. Galaxia

19:00 - 20:00 h | Público xeral e familiar

Contapintacontos "Contos para durmir"

Contacantos con ilustración en directo

> Olalla González e Marc Taegeer

SÁBADO 23

Sábado De mañá

Todo o día | Público xeral

Espazo lúdico MARES "Xogando Miudinho"

Un espazo con xogos sonoros para a exploración musical, medios de locomoción, populares... para todos os idades. Con maritos de abanear, carriños, cabaliños... para bebés
Miudinho Soc. Cooperativa Galega

Todo o día | Público xeral

Espazo artístico AQUELANDO

• Exposición **"Narrativas artísticas"**

• Diorama e croma **"A túa historia na feira"**

• Obradoiro **"Aquelando outras vidas para os libros"**

• Presentación do Fanzine **"Cando a abella vai á flor"**

Lévate un exemplar asinado, de balde!

EM Debuxo e Pintura
Colectivo MB

10:30 - 14:00 h | Público xeral
Apertura de postos de venda

11:00 - 11:15 h | Público xeral

Presentación de libros

Libro: **"Os nosos Mares"**
Tema: a vida que agocha o mar galego, escultar e coñecer os bosques somerxidos e os diferentes fondos marinhos.

> Judit Santos (editora) Edit. Miudinho Soc. Coop. Galega

11:30 - 12:30 h | Público familiar e infantil 4-7 anos

Contacantos e animación

Baseado no libro infantil **"A casa Cuca"** (Edit. Galaxia)

> Irene Alonso (escritora)

12:30 - 13:30 h | Público 6 a 9 anos

Inscripción en liña ata 21 de abril

Obradoiro "Crea o teu xornal"

> Abraham Carreiro (debuxante, ilustrador)

12:30 - 13:15 h | Público adulto

Presentación de libros

Libro: **"En tempo de desconto"**

Tema: persoaxes, atrapados na vida, atrapados por ela, gobernan como mellor poden o seu destino guiados por horizontes sorprendentes e inesperados que lles farán aceptar derrotas, gañar batallas e, en definitiva, vivir.

> Xosé Ramón Pena (autor) Edit. Galaxia

13:30 - 14:15 h | Público familiar e infantil +9 anos

Presentación de libros

Libro: **"As electricidades do caranguezo"**

Tema: unha ollada positiva para falar de cancro.

> Irene Alonso (autora) Edit. Xerais

Sábado De tarde

17:00 - 20:00 h | Público xeral
Apertura de postos de venda

17:00 - 18:00 h | Público familiar

Espectáculo "Ramona Órbita"

> Paco Pakolas

18:00 - 18:45 h | Público 5 a 9 anos

Inscripción en liña ata 21 de abril

Obradoiro "Explora e experimenta"

> Wow Play

18:00 - 19:00 h | Público xeral

Conversando!

O cómic no contexto das narrativas visuais
> Abraham Carreiro (debuxante, ilustrador, deseñador gráfico) Creador e coordinador de "O Papagalo"
> Octavio Beares (escritor, historiador, fundador da Revista "CuCo, Cuadernos de comic") Autor de "A historia do cómic de Galicia"

19:00 - 20:00 h | Público 10 a 14 anos

Inscripción en liña ata 21 de abril

Obradoiro "Aprende a facer un cómic"

> Abraham Carreiro (creativo gráfico)

20:00 - 21:00 h | Público familiar

Espectáculo "Contos a pé de rúa"

> Caxoto. A traxenda dos Contos.



COLABORAN

Editoriais e empresas

Galaxia (editorial)

Salaina (editorial)

Cuarto de inverno (editorial)

O Papagalo (Xornal para a xente miúda)

Miudinho Soc. Coop. Galega (infancia, natureza, cultura)

Brazolinda (deseño e fabricación de xogos)

Wow Play (proxectos STEAM)

Polygonestudios (deseño e programación videoxogo)

Tridelta (doces e chuches)

Persoas

Soledad García Riveiro (escritora)

Laine Villero (ilustradora)

Natalia Guisande (deseñadora gráfica)

Olalla González (contadora)

Marc Taegeer (ilustrador)

Irene Alonso (escritora)

Judit Santos (editora)

Francisco Fernández Davila (escritor)

Abraham Carreiro (debuxante, ilustrador,

deseñador gráfico. Creador de "O Papagalo")

Octavio Beares (escritor, historiador, fundador da

Revista "CuCo, Cuadernos de comic")

Belén Veleiro (artista, colectivo MB)

Cris Lores (cineasta, colectivo MB)

Centros educativos

IES Soutomaior

CPR Santiago Apóstol

Clube de lectura para adultos (IES Soutomaior)

Agradecemento especial

Alumnado da Escola Municipal de Debuxo e Pintura.

Alumnado centros educativos.

Biblioteca Municipal "Luis Seoane" / Programa

municipal "Bibliofogar"

AFAQ Asociación Cultural

